

INFORME/RESUMO PLENO DO COMITÉ DE EMPRESA DE 30 DE OUTUBRO DE 2006

Orde do día:

Actas

Informe das Comisións de Traballo

Varios:

Tarefas Extraordinarias

Garderías

Despedida

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo

Actas:

Pendente de entregar o borrador da acta do último Pleno, o resto está todo aprobado.

Informe das Comisións:

Comisión de Xestión

Non houbo xunta desde o Pleno anterior. A próxima está convocada para este xoves 2 de novembro

Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Infórmase da xunta celebrada o 18 de Outubro na que entre outros temas tratouse:

Revisión das avaliacións de riscos das centrais de CONXO e INFERNIÑO con presenza dos seus responsables. Quedaron en ter unha xunta en Santiago (CONXO) dentro dun mes e en Ferrol (INFERNIÑO) dentro de dous meses.

Información sobre accidentabilidade na que destaca pola súa gravidade o accidente en itinere dun compañeiro do CSD.

Informando sobre o simulacro de evacuación de Riazor, no que un traballador de contrata non cumpriu a orde de evacuar, coméntase a necesidade de que os traballadores das Empresas Colaboradoras respecten as normas de Seguridade e Saúde Laboral vixentes en TESAU. Advírtese que non se trasladou á Comisión de Seguridade e Saúde Laboral o tema acordado no Pleno anterior

“Coméntase para trasladar á Comisión de SSL o accidente dun compañeiro de Santiago cun vehículo sen ABS nin Airbag , xa que os vehículos que viñeron para aquí cambiáronos cos vellos de Sevilla porque non tiñan ar acondicionado”.

Varios:

Tarefas Extraordinarias

CIG presenta a proposta de elaborar un comunicado dirixido a tódolos traballadores expresando a oposición do Comité á realización de Tarefas Extraordinarias, xa que a pesares de ser aprobado no Pleno anterior elaborar un, non chegou a saír. Este comunicado sería para publicalo no caso de que se teña coñecemento de que se vai empezar de novo con tarefas.

Hai unanimidade no tema.

Sobre o texto concreto que presenta a CIG que foi o elaborado para o mes anterior, discrúpase co contido dos dous últimos parágrafos polo que se decide eliminalos, engadindo ó final o texto: ¡Non ás tarefas extras!

Texto presentado pola CIG:

Borrador Proposta de Comunicado

O Pleno do Comité de Empresa do 29 de Setembro de 2006 acordou por unanimidade dirixirse ós traballadores desta provincia para solicitarlle a non realización de Tarefas Extraordinarias, procedemento que utiliza a empresa en colaboración con algúns traballadores para, saltándose non só o noso Convenio senón tamén o Estatuto dos Traballadores, ir minando os dereitos de todos.

A Inspección de Traballo e Seguridade Social de distintas provincias, incluída esta, tense manifestado sobre este tema levantando actas de infracción contra a empresa por non respectar a lei na realización destas Horas Extras “camufladas”.

Sabedores de que as trampas e a corrupción van sempre ligadas, os que utilizan este método fraudulento de realización de Horas Extras seguro que non respectan nin o procedemento establecido pola empresa, animámosvos polo tanto tamén a que nos comuniquedes as corruptelas que detectedes por parte dos compañeiros implicados e dos mandos.

Quen acepta as Tarefas Extraordinarias, pasa dos teus dereitos, pasa ti un pouco del..el pisa os teus dereitos, pisa ti as súas trampas.

Texto aprobado:

O Pleno do Comité de Empresa do 29 de Setembro de 2006 acordou por unanimidade dirixirse ós traballadores desta provincia para solicitarlle a non realización de Tarefas Extraordinarias, procedemento que utiliza a empresa en colaboración con algúns traballadores para, saltándose non só o noso Convenio senón tamén o Estatuto dos Traballadores, ir minando os dereitos de todos.

A Inspección de Traballo e Seguridade Social de distintas provincias, incluída esta, tense manifestado sobre este tema levantando actas de infracción contra a empresa por non respectar a lei na realización destas Horas Extras “camufladas”.

¡Non ás Tarefas extraordinarias!

Gardería

Tendo en conta a solicitude de varias compañeiras, o incremento de persoal con fillos pequenos e a instalación de gardería en Distrito C, que segundo a empresa forma parte da súa filosofía, acórdase solicitar da empresa que monte gardería tamén aquí ou ben subvencione o custe.

Despedida

Pontigo de UGT dirixe unhas palabras ó Pleno con ocasión da súa despedida, contestadas polo Presidente.

ooooooO00000Ooooooo